

15 MAI. 2017

Entrada nº: 211

Saída nº:

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa a ampliación do Polígono Industrial da Tomada

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Polígono Industrial de A tomada é un dos principais soportes do desenvolvemento económico, industrial e laboral do noso Concello. A ampliación do mesmo, onde o ritmo das vendas iniciadas aínda non fai dous anos son postas como exemplo de implicación e desenrolo en toda España, fan que as parcelas dispoñibles sexan cada vez menos, estando agora mesmo vendido o 80%, e próxima o 90 % coa venda de outras dúas parcelas.

A falta de desenrolo de actuacións encamiñadas a dotar de novo solo industrial o noso concello vai supoñer o traslado de industrias e empresas a municipios limítrofes, coma xa esta a ocorrer, exemplo de elo é a adquisición fai uns meses por parte dunha industria transformadora local, de terreos noutro concello da nosa bisbarra. Este traslado de actividade, sen dubida repercutira na creación de emprego e crecemento económico.

No pasado mes de Abril do 2016, aprobouse unha moción presentada ao Pleno polo BNG onde se pedía a realización dun Polígono Industrial Comarcal, moción que este grupo votou en contra manifestando que a opción máis viable e realista era a ampliación do Polígono da Tomada. Descoñecendo as actuacións e xestións encamiñadas a realización do mesmo, a realidade é que o Concello de Ribeira planifica a construción dun novo polígono no seu concello.

A Pobra do Caramiñal


2

Ese plantexamento extratéxico que a vista dos feitos carecía do apoio necesario para a súa realidade pode provocar o estancamento no desenvolvemento industrial e empresarial do noso Concello como xa ocorre en outros sectores e actividades.

Por elo o grupo municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

Iniciar de forma urxente as actuacións necesarias para dotar de novo ao polígono industrial do noso concello realizando unha nova fase de ampliación do polígono industrial de A Tomada..

Pobra a 13 de Maio de 2017



Manuel Mª Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**